



AXENDA DA “VEDRA FESTEIRA” EN SETEMBRO

- FESTAS DAS DORES EN VEDRA: 31 DE AGOSTO, 1 e 2 DE SETEMBRO.
- FESTAS DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA: 7, 8 e 15 DE SETEMBRO.
- FESTAS DO PATIO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA: 21, 22 e 23 DE SETEMBRO.
- FESTA DO SAN QUIETÁN EN VEDRA: 28 DE SETEMBRO.
- FESTAS DO SAN MIGUELIÑO EN SAN MIGUEL DE SARRANDÓN: 29 DE SETEMBRO e 5 e 6 DE OUTUBRO.

XESTIÓN TRIBUTARIA – CALENDARIO FISCAL IBI, IAE e TAXAS 2023

- Dende setembro e ata o 15 de novembro estarán a disposición os recibos en período voluntario do IBI, IAE e TAXAS.

Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 15 de outubro.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e mesmo realizar o pago do imposto. Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio concello.

Para máis información, poderán facer a súa consulta a través do número de teléfono do concello 981 814 612.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA EN SETEMBRO SERÁ O MARTES 17

- Con cita previa obrigatoria no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h). **IMPORTANTE:** Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

▲ FESTIVO LOCAL O PATIO

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

- O horario de atención ao público será de 09:00 a 13:00 horas dende ata o 15 de setembro.

A partir do 16 de setembro, atención ao público de 09:00 a 14:00 h.

XULGADO DE PAZ

- ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

- Email: registrocivil.vedra@xustiza.gal

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

- PUNTO LIMPO ABERTO OS MARTES E SÁBADOS NOS SEGUINTE HORARIOS:

- Martes de 9 a 14 horas e de 16 a 19 horas
- Sábados de 9 a 14 horas

- SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

- Chama ao 981 814 612 e solicita a recollida a domicilio dos teus voluminosos!

SERVIZO DE REPARACIÓN ALUMEADO PÚBLICO

- En caso de detectar algunha avería ou mal funcionamento do alumado público chama ao 699 304 702,



PROGRAMA "CORRENTES DO ULLA" ACTIVIDADES CONXUNTAS CON BOQUEIXÓN ARREDOR DO RÍO ULLA



Descenso do Ulla en Piraguas con preto de 100 persoas participantes.



Campo de Voluntariado Unindo Roteiros.



Escola de pesca, co campión do mundo de pesca con mosca: David Arcay.



Etapa do Goza do Ulla dende O Coto de Ximonde ata Pontevea.




Reunión interxeracional coa xuventude do voluntariado de Vedra e do Campo de Voluntariado Unindo Roteiros co grupo de terapia con Agadea Alzheimer.

A PROGRAMACIÓN DE VERÁN...



Tempada de piscina.



Verán na Área Recreativa de Agronovo.



Excursión do verán da terceira idade que este ano visitou Boiro.



Unha das rutas polo Patrimonio Oculdo de Vedra.



Sesión da actividade de IA no Centro de Emprendemento de A Estación.



Viaxe do Verán para a mocidade.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Actividade de colaboración do CD San Mamede co Ludoverán.



XV Ruta Cabalar do Santiaguíño da Asociación de Cabaleiros do Santiaguíño.



Alternativas asociativas de conciliación no verán:
Acamparte da Anpa do CEIP Ortigueira.



Alternativas asociativas de conciliación no verán:
Campus Deportivo do Club Olímpico de Vedra.



Alternativas asociativas de conciliación no verán:
Escola Ambiental da Asociación Amabul.



XXI Festival de Bandas de Música do Patio.



A homenaxe da A.C. San Campio aos vellos requinteiros
Pepe de Nande e Marcelino de Muíñeiro.



Festival Folclórico da Asociación Cultural San Campio
en San Miguel de Sarandón.



Campamento Musical de Verán da Escola de Música
Santa Cruz de Ribadulla.



Actividades da Asociación O Burgo para a 3ª Idade de
Vedra.



XIII Festa do Chourizo en San Pedro de Sarandón.



Concentración Moteira.

CURSO 2024/2025 DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VEDRA

■ Con este exemplar do Boletín Informativo achégase o Folleto de Actividades Culturais e Deportivas Municipais para o curso 2024/2025 que tamén podes consultar na web municipal.

LEMBRA NAS ACTIVIDADES CULTURAIS...

RENOVACIÓN DE PRAZAS: Do 5 ao 12 de setembro (as persoas usuarias das actividades serán informadas do procedemento a seguir).

NOVAS MATRÍCULAS: Formalización do 19 ao 26 de setembro (toda a información no folleto informativo do vindeiro curso).

Consultas e información no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico: cultura@concellodevedra.gal

LEMBRA NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS...

RENOVACIÓN DE PRAZAS: Do 5 ao 12 de setembro ábrese o prazo para que as persoas usuarias das activi-

dades deportivas municipais, tanto actividades deportivas para persoas adultas como actividades deportivas en idade escolar, poidan renovar a súa praza para o vindeiro curso. A principios de setembro recibirán un correo electrónico cun enlace dende o servizo de deportes para poder facer a renovación en liña. Tamén poderán tramitar as renovacións de xeito presencial de 10:00 a 14:00 no concello ou de 19:00 a 23:00 no pavillón. No caso de que non reciban o enlace de inscrición póñanse en contacto co servizo de deportes, sempre antes do 12 de setembro, no enderezo de correo electrónico deportesvedra@outlook.es, ou por teléfono pola mañá chamando ao concello (tf. 981 814 691) ou pola tarde ao pavillón (tf. 981 502 290) dentro dos horarios que se indicaron anteriormente.

NOVAS MATRÍCULAS: O prazo de alta de novas persoas usuarias das actividades será do 19 ao 26 de setembro a través da páxina www.deportesvedra.com. Tamén poderán tramitar as novas altas de xeito presencial de 10:00 a 14:00 horas no concello ou de 19:00 a 23:00 horas no pavillón municipal.

CHEGA A ÓPERA A VEDRA O SÁBADO 28 DE SETEMBRO

■ Grazas ao proxecto da FEMP, na que Vedra está representada na súa Xunta de Goberno, sumámonos á emisión en directo da ópera *Adriana Lecouvreur* que terá lugar en vivo no TEATRO REAL.

- Será o sábado 28 de setembro no Centro Social de Vedra ás 19:30 horas.

Unha experiencia gratuíta, diferente e única que non te podes perder!!!



Vedra en Europa

CO PROXECTO YOULEADERS

■ Grazas ao cal unha pequena representación da mocidade de Vedra visitou en xullo Bruxelas, para participar no Youleaders Hackathon Day, con grupos de Italia, Portugal e Galicia.

Ademais realizaron un intercambio de experiencias na Fundación Galicia Europa, e unha visita ao Parlamento Europeo.





CO PROXECTO EUROPEO WINEU.rur

■ Liderado polo noso Concello e que entrou na súa recta final coa celebración durante a primeira semana de xullo do 5º evento internacional celebrado en Italia. Unha delegación do Concello de Vedra acompañada dunha representante do GDR Terras de Compostela participou xunto coas delegacións do resto de países socios neste evento adicado ao turismo sostible e á transición dixital no rural europeo. Durante o encontro Vedra presentou os resultados do evento participativo local que tivo lugar en Vedra no mes de abril. Aproveitando esta visita o Alcalde de Vedra e o recién elixido Alcalde de Capannori, Giordano del Chiaro, reuníronse para traballar nas futuras accións



que levarán a cabo no marco do Pacto de amizade entre os dous municipios asinado en 2018.

Emprendemento



O CENTRO DE EMPRENDEMENTO... A ESTACIÓN

■ Volve á actividade e faino coa organización dun evento de boas prácticas e casos de éxito en materia de Emprendemento Local, que pronto saberemos máis.

Dito evento consistirá nunha serie de actividades e charlas nos que diversas persoas emprendedoras do Concello de Vedra, ou que desenvolven o seu labor no mesmo, participarán aportando a súa experiencia e coñecementos, explicando o proceso polo que se converteron en emprendedores/as, e facilitando unha serie de recomendacións e consellos, os cales se incluírán nunha pequena guía de boas prácticas a disposición de quen a solicite.

Infórmate na súa páxina de Facebook de A Estación Vedra e nos medio de difusión municipais.



En A Estación segue prestando apoio a proxectos emprendedores, a iniciativas empresariais e asociativas. Na actualidade atenden a máis de 20 persoas de 12 proxectos distintos. Non dubides en contactar no teléfono 981 512 244 e no mail aestacion@concellodevedra.gal.

Servizos Sociais



TURISMO IMSERSO TEMPADA 2024/2025. CARTAS DE ACREDITACIÓN

■ O IMSERSO avisa de que a partir deste mes de setembro de 2024 remitirá as cartas de acreditación co código persoal para a solicitude das viaxes concretas incluídas dentro do programa de turismo.

Unha vez se abra o prazo para a solicitude das viaxes, as persoas interesadas deberán acudir á axencia de viaxes ou realizar os trámites na páxina web que se habilite por parte das xestoras das viaxes establecidas polo propio IMSERSO.



As persoas que están acreditadas recibirán esas notificacións. Aquelas que non estean dadas de alta no sistema deberán agardar a que se abra o novo prazo para facer a súa solicitude de alta. O IMSERSO prevé abrir un novo prazo para novas solicitudes aproximadamente a partir do mes de novembro de 2024 ata o mes de maio de 2025.

As datas concretas para todas estas informacións se-

rán actualizadas a medida que o IMSERSO concrete os prazos.

Máis información:

- Páxina web do IMSERSO: <https://imserso.es/web/sede-electronica>.
- Teléfono: 912 667 713.
- Departamento de servizos sociais comunitarios 981 81 46 93.

VOLVEN AS ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE BÓTALLE UN OLLO Á PROGRAMACIÓN E INSCRÍBETE EN SETEMBRO!!

PROGRAMA...

■ **SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AGADEA):** De luns a venres de 9:30 a 13:30 h.

CURSOS OUTUBRO 2024- XUÑO 2025

- **Ximnasia de maiores:** Luns e mércores de 18:15 a 19:15 h. e de 19:15 a 20:15 h.
- **Obradoiro de traballo corporal:** Martes de 18:00 a 19:00 e de 19:00 a 20:00 h.
- **Obradoiro de memoria:** Martes e xoves de 17:00 a 18:00 h. e de 19:00 a 20:00 h.
- **Canto-Coral:** Venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos teñen un custe de matrícula de 20 € (de outubro a xuño)

- **Laborterapia** (Nas Máns da Avoa; Gratuíto): Martes de 17:00 a 19:00 h.
- **Obradoiro de Teatro** (Gratuíto): Pendente de fixar data.
- **Bailoterapia:** 20 €/trimestre, dende outubro a decembro. Xoves de 18:45 a 19:45 h.
- **loga integral:** 30 €/trimestre, dende outubro a decembro. Venres de 17:30 a 19:00 h.
- **Proxecto EUTERPE ADN/MÚSICA** Martes e xoves de 18:00 a 19:00 h.

Inscripcións ao longo do mes de setembro no Departamento de Servizos Sociais ou chamando aos teléfonos 981 814 695 – 981 814 693 (en horario de mañá). Inscripcións presenciais no Centro Social: os venres 20 e 27 de setembro de 19:30 a 21:00 h.

AXENDA PARA SETEMBRO...

- **CELEBRACIÓN DA PATROA DO CENTRO SOCIAL "FESTA DO BURGO"**
Sábado 7 de setembro na Carballeira nos arredores do Centro da Terceira Idade ás 13:00 h.
Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, os/as que queiran poden levar a comida...
Actuación de Marietta ás 16:00 h.

INFORMACIÓN DE INTERESE DOS SERVIZOS SOCIAIS ACTUALIZACIÓN FAMILIAS NUMEROSAS GALICIA

■ Pódese descargar en formato dixital o título de familia numerosa, coa mesma validez que o título en formato físico.

- Nos dispositivos móbiles dende a APP xunta.eu
- Nos ordenadores ou outros dispositivos dende a seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/obtencion-de-certificados>

As persoas que aínda teñen o título en formato "libro" poderán solicitar a expedición da nova tarxeta ou agardar a renovar o seu título para que sexa emi-

tida no novo formato.

Dende o presente ano 2024 as familias numerosas que soliciten ou renoven o seu título ven ampliada a súa vixencia con carácter xeral ata que o fillo menor cumpra os 26 anos de idade. Cada un dos menores terá unha data de finalización da vixencia. Poderá haber excepcións no caso de familias numerosas con características especiais.

Máis información na web de Política Social na área de familia e infancia.



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio

educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



SERVIZO DE MADRUGADORES

■ O servizo de madrugadores no marco do Programa de Conciliación Corresponsables, continúa a funcionar no curso 2024/2025, comezando o día 12 de setembro, podendo facer uso do mesmo dende este mesmo día. O horario do servizo desenvólvese dende as 7:00 ata as 9:30 h.

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9.00 a 13.00h. carmen.sabio@concellodevedra.gal



LUDOTECA MUNICIPAL

■ O mes de setembro vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremos aos menores a convivir con outros, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación. Trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos menores, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Horario do 1 ao 10 de setembro: de 8:30 a 14:30 h.
Horario a partires do 11 de setembro: de 14:30 a 20:00 h.

Máis información nos teléfonos 699 041 486 / 981 814 693 en horario de 9:00 a 13:00 h.



Foto da Ludoverán 2024.



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

Muller

SOSPEITAS QUE UNHA MULLER SOFRE VIOLENCIA MACHISTA?

■ Se unha persoa da túa contorna sofre ou sufriu algunha destas experiencias, estades ante unha situación de violencia machista:

PRIMEIROS SINAIS DE ALERTA:

- Cando estás con ela, a súa parella aproveita calquera anécdota para pola en ridículo.
- Cando estades soas e preguntáslle como vai a súa relación de parella, ela cambia de tema.
- Cando notas que non quere quedar tan a miúdo e, cando quedades, ela despois non aparece ou se ten que marchar pronto.
- Cando cada vez que recibe un whatsapp da súa parella ten que responder inmediatamente e dicirlle onde e con quen está.
- Cando sempre se adapta aos gustos da súa parella e parece que ela cambia os seus.
- Cando ves que ela tenta compracer sempre á súa parella.

PARA ESTAR MÁIS ALERTA:

- Cando a súa parella rompe obxectos que para ela son de valor.
- Cando oes que el a ameaza ou ben explícache como a ameaza.
- Cando a ves triste, con mala cara, ou notas que lle

cambiou o carácter.

- Cando ves que ela reacciona con medo cando cre que algunha cousa o pode molestar.

QUE ACTITUDE PODE AXUDAR?

- escoitar o que che explique e non polo en dúbida.
- É importante que respectes o seu tempo e que deixes que fale coas súas palabras, e tamén que lle agradezas a confianza.
- Controlar a rabia que poidas sentir ao darte conta da situación.
- Facerlle saber que non merece o que está a pasar e que queres axudala.
- Mostrar respecto polas decisións que tome.
- Propor vervos un pouco máis a miúdo.
- Pedir asesoramento a persoal especializado.
- Animala para que o explique a algunha persoa da familia en quen confíe.
- Ser perseverante e ir contactando e falando, non desistir e comprender que é un proceso longo de idas e vidas.
- Non forzar nunca unha denuncia ou unha separación. Pode ser que ela non estea preparada.



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA

■ **SOLICITA O TEU COMPOSTEIRO...** No teléfono 981 814 612 ou escribindo ao enderezo electrónico resduoskmcero@concellodevedra.gal

CONSULTA AS TÚAS DÚBIDAS... no teléfono 623 932 143 en horario de tarde.

O obxectivo da campaña é chegar aos 2000 composteiros.



Xuventude



DÍA DA XUVENTUDE EN VEDRA!!

■ Este proxecto da Dirección Xeral de Xuventude chegará a Vedra o venres 6 de setembro, cunha tarde ben divertida con actividades de ocio e tempo libre para a mocidade entre os 12 e os 35 anos.

Moita atención ás nosas redes e medios de difusión para saber como participar!!



Iniciativas das Asociacións



ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO CURSO 2024-2025 ABERTO PRAZO DE MATRÍCULA EN SETEMBRO

■ **ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL:**
Gaita - Requinta - Acordeón - Percusión - Baile tradicional - Pandeireta

BAILE MODERNO

PILATES

XIMNASIA RÍTMICA

As actividades quedarán suxeitas a acadar un número mínimo de participantes para a súa posta en funcionamento.

Lugar das actividades:

- Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Para máis información, horarios e inscricións:

- E-mail: acsancampio@gmail.com
- Teléfono 642 079 012
- Inscricións ata o 30 de setembro; inicio das clases no mes de outubro.

A ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA ABRE PRAZO DE MATRÍCULA PARA O CURSO 24/25

■ A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra comeza un novo curso o vindeiro 11 setembro.

Aínda estás a tempo de inscribirte!! Último prazo de matrícula aberto os días 5 e 6 de setembro de 18:00 a 20:00 horas na oficina da escola (Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla).



ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA TEMPADA 24/25



**VEDRA-BOQUEIXÓN
ESCOLA DEPORTIVA**

**INSCRIPCIÓNS ABERTAS
TEMPADA 2024-2025**

Categoría	Nados nos anos
Xuvenil	2006, 2007 e 2008
Cadete	2009 e 2010
Infantil	2011 e 2012
Alevín	2013 e 2014
Benxamín	2015 e 2016
Prebenxamín	2017 e 2018
Biberón	2019 e 2020

Web para formalizar as inscricións:
<https://www.escolasdeportivasvedra.org>

+ Información

vedraboqueixoned@gmail.com

622 62 92 05

<https://www.escolasdeportivasvedra.org>



31º CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN O 15 DE SETEMBRO EN PONTE ULLA

Inscrición gratuíta obrigatoria en www.gundian.gal ata o 10 de setembro.


Categorías de 0 a 99 anos. Premios para todos os participantes. Máis de 1.000 € en vales de compra.

Máis información en www.facebook.com/carreira-gundian, contacto@gundian.gal



ESCOLA CARREIRAS POR MONTAÑA DA ASOC. VÉRTICE TEMPADA 24/25

En setembro volve a Escola Vértice de Carreiras por Montaña, con técnica, velocidade, natureza, compañeirismo,...



Inscricións abertas!

Onde?

- Lestedo-Pico Sacro, Boqueixón

vértice

Cando? Os xoves pola tarde:

- Nacid@s en 2016-2011: de 16:30 a 18:00 h
- Nacid@s en 2010-2006: de 18:00 a 19:30 h

Impartida por Verónica Calvo Dopazo, seleccionadora galega de carreiras por montaña.

Inscricións e máis información: <https://clubvertice.es/escola>.

CLUB OLIMPICO DE VEDRA. TEMPADA 24/25

O Club Olímpico de Vedra abre o prazo de matrícula o 2 de setembro para novas altas e renovacións nas escolas de Atletismo, Tríatlon e Dúatlon. A tempada 24/25 dará comezo en outubro.

Mais información nas redes sociais do Club, no enderezo electrónico olimpicodevedra@hotmail.com ou no WhatsApp 621 017 384.

ATLETISMO			
GRUPO DE BASE 1 PISTA MULTIUSOS DE VEDRA-CPI VEDRA (categorías ano 2025)	LUNS	MÉRCORES	VENRES
<ul style="list-style-type: none"> SUB 8 (nados 2018) SUB 10 (nados en 2017-2016) SUB12 (nados en 2015-2014) 	16:15 a 17:10h (pavillón ou pista)	16:15 a 17:10h (pavillón ou pista)	16:15 a 17:10h (pavillón ou pista)
GRUPO DE BASE 2 PAVILLÓN E PISTA MULTIUSOS DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
<ul style="list-style-type: none"> SUB 14 (nados 2013-2012) SUB 16 (nados 2011-2010) SUB 18 (nados 2009-2008) 	17:15 a 18:15h (pavillón ou pista)	17:15h a 18:15h (pavillón ou pista)	17:15 a 18:15h (pavillón ou pista)
TRÍATLON/DÚATLON			
GRUPO DE BASE PISCINA DE TEO, PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA (categorías ano 2025)	LUNS	MÉRCORES	VENRES
<ul style="list-style-type: none"> GRUPO 1 <ul style="list-style-type: none"> Benxamín (nados en 2017-2016) alevín (nados en 2015-2014) infantil (nados en 2013-2012) GRUPO 2 <ul style="list-style-type: none"> cadetes (nados en 2011 e 2010) xuvenil (nados en 2009 e 2008) júnior (nados 2007-2006) 	18:30-19:15H CARREIRA TEO 19:15-20:00H NATACIÓN TEO	17:15H-18:15H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA	17:30 a 18:30 H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 19:15-20:00h NATACIÓN TEO
	17:15-18:15H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00H-21:00H NATACIÓN TEO	18:30H-19:15H CARREIRA RAMALLOSA 19:30H-20:30H NATACIÓN TEO (CADETES DE 2008 E XUVENIS-ATA AS 21.00H)	17:30-18:30H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00H-21:00H NATACIÓN TEO



A AUGARDENTES DE GALICIA, A MELLOR BEBIDA ESPIRITUOSA CON INDICACIÓN XEOGRÁFICA NO 2024 DE ESPAÑA

■ Un galardón sen parangón para esta empresa vedresa, concedido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que para a súa resolución avaliou minuciosamente a traxectoria das empresas en aspectos como a comercialización, a innovación, o desenvolvemento rural e a sostibilidade.

No caso da **Aguardente Vedra do Ulla**, foi premiada polo seu arraigo local, uso de materias primas tradicionais, esforzo en comercialización e exportación, e inversión en investigación e desenvolvemento o pasado 11 de xuño na sesión de cata para seleccionar ao galardoado nesta categoría dos Premios Alimentos de España.

O xurado estivo composto por expertos da Real Academia de Gastronomía, Unión de Catadores de España, Espirituosos de España e da Administración Pública, que valoraron a traxectoria e esforzos das empresas elaboradoras en áreas como a comercialización, a innovación, desenvolvemento rural e /ou a sostibilidade.

Creados en 1987, estes “Premios Alimentos de España” recoñecen o labor de empresas e produtos que destacan pola súa calidade, innovación e contribución

á gastronomía española. Este recoñecemento englobase na campaña “O país máis rico do mundo”, que reforza a marca España como potencia alimentaria e gastronómica de calidade.



A CARMEN MOUGÁN RENDO

■ Que o pasado 11 de agosto celebrou os seus 100 anos coa súa familia e a súa xente.

Deste xeito esta veciña de Santa Cruz de Ribadulla sumouse ao club de persoas centenarias de Vedra.



Á A.C.D. MOTEIR@S VAL DO ULLA POLO SEU 25º ANIVERSARIO

■ No pasado agosto celebrouse a edición número vinte e cinco da Concentración Moteira polo Val do Ulla que con ilusión e esforzo organizan ano a ano dende a Asociación Moteir@s Val do Ulla!

Parabéns!!

I CONCENTRACIÓN MOTOCICLISTA

AGOSTO 29 VAL DO ULLA AGOSTO 30

MOTEIR@S

STA. CRUZ DE RIVADULLA
CARRETERA SANTIAGO - ORENSE KM-17

ASOCIACIÓN MOTEIR@S

Logo of the organizing association and various sponsors.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS